O PASO DO TEMPO

A vida contemporánea é unha mestura entre compoñentes de modernidade e continuidades de elementos tradicionais. Se realizamos unha minuciosa análise entre a actualidade e os tempos pasados podemos observar que aínda se atopan elementos que hoxe en día seguen vixentes, mentres que outros son completamente distintos ou mesmo opostos.

A nosa investigación atópase enfocada desde dous mundo que poderían ser considerados diferentes, a vida rural e a vida na cidade. No rural, tradicionalmente houbo un estilo de vida dedicado á agricultura e á gandeiría, que tiña como principal obxectivo obter produtos para a subsistencia, e se esta é excesiva pódese comercializar cos alimentos. No caso da aldea, o día a día era algo rutinario. A poboación máis nova tiña a posibilidade de acudir a pequenas escolas integradas polos veciños da aldea propia ou daqueles que estivesen máis próximas. A estas pequenas agrupación acudían nenos e nenas que comezaban os estudios básicos arredor dos 6 anos. Clases de matemáticas, lingua ou xeografía permitíanlles obter coñecementos que posteriormente ampliaban nunha escola unitaria ata arredor dos 16 anos. Cómpre mencionar que moitos dos rapaces non terminaban os estudos na escola da aldea a causa da emigración.

Unha escola de hai décadas

Co remate da escola pola mañá, os rapaces debían voltar á casa para almorzar e posteriormente voltar á escola se non tiñan traballo de labranza no fogar. Pola tarde tanto os máis novos como os adultos debían realizar traballos propios da vida do campo, como ir cos animais a pastar, recoller herba ou toxo, e en cada época do ano tiñan que realizar a recolección de cada cultivo, como as patacas, as fabas ou o millo.

Chegada a noitiña, os mozos poñíanse coas tarefas da escola, ceaban e continuaban coas tarefas ata rematalas.

Como as familias eran de varios membros, as casas atopábanse divididas en distintas habitacións. Unha delas era para o matrimonio, mentres que o resto estaban ocupadas polos fillos da parella así como parentes próximos, como a avoa ou algunha tía. Na planta baixa instalábanse as cortes para os animais, principalmente de orixe vacúa ou porcina.

Coa recolección de produtos da horta e coa matanza dos animais, as familias podíanse alimentar e mesmo nalgúns casos, certas persoas que posuían un amplo número de vacas, ovos, patacas ou millo, acudían aos mercados máis cercanos. Por suposto, cada mañá había a xuntanza do leite para as principais cooperativas, como Larsa, Ilepsa ou Feiraco.

No ámbito familiar, tanto mulleres coma homes realizaban tarefas moi similares, agás na crianza dos fillos, da que se encargaba a propia nai ou mulleres que vivían na casa, como avoas, tías ou mesmo as fillas maiores. Como xa apuntamos anteriormente, eran familias numerosas que polo xeral estaban compostas por un matrimonio que tiña entre 4 e 9 fillos, aínda que había casos nas que estas cifras se superaban. Para que se producise o nacemento deste grupo, o home debía acudir á casa da que seguidamente se convertiría na súa muller para falar cos seus pais desta e pedir de forma formal a súa man. No caso de que a concedesen, proseguíase a celebrar a alianza e elexíase onde pasaba a vivir o novo matrimonio.

Tanto a forma de vestir, os peiteados ou mesmo os tecidos que se empregaban, eran moi variados. Se nos centramos na forma de vestir, podemos apreciar en calquera imaxe ou mesmo documental de non hai moitos anos que os homes tiñan un vestir formado por camisa e pantalón, normalmente pantalón de pinzas e camisa máis fina no verán ca no inverno. Moitos dos homes do rural empregaban boinas ou mesmo gorros, e só aqueles que tiñan un maior poder económico se permitían o uso de sombreiro.

Por parte das mulleres, acostumaban levar saias ou vestidos que cubrían por debaixo das xeonllos en sinal de mero respecto, ou simplemente porque non estaba ben visto polos veciños. Ademais, complementaban a súa vestimenta con camisas ou xerseis e por enriba un mandil que mesmo permitía recoñecer a simple vista se eran mulleres do campo. Na cabeza levaban panos ou sombreiros de palla anchos que cubrían o rostro para os labores do campo.

Entre as diversas curiosidades que debemos comentar atopamos os medios de transporte. Antigamente, en cada parroquia os nenos ían a escolas que non estaban moi preto da aldea, tiñan que coller un autobús que unha empresa ofrecía, obviamente de maneira remunerada.

Outra curiosidade era o modo de lavar a roupa da familia. En cada lugar onde a auga era en certa maneira abundante e potable, producíase a construción dun pilón ou fonte a onde a xente podía acudir, tanto para acceder de maneira gratuita a unha auga potable de forma legal pola institución “ Augas De Galicia”, así como ter a oportunidade de lavar roupa ou mesmo utensilios de todo tipo. Ademais, os gandeiros empregábano como vía para que os animais puídesen beber sen necesidade de gastar da auga das vivendas particulares.

Na presente foto pódese ver un coche, a marca era un SEAT 131. Un coche que, naquela época, non se podía permitir calquera. Se o comparamos coa actualidade, era como quen ten a día de hoxe un Audi. Era de gasolina, xa que había moi poucos coches que fosen a gasoil.

Aquí vemos unha gran diferenza xa que a día de hoxe predominan máis os coches a gasoil. Cando os adolescentes ou mozos ían ás romerías, e o grupo de amigos era moi grande, no coche podían ir ata 7 persoas, uns nos colos doutros. Os gastos eran pagados por igual, é dicir, cando ese grupo de amigos ía a unha festa, a gasolina era a medias. Por exemplo, poñíaselle 5.000 pesetas de gasolina (30 euros), que case enchía o depósito, e ían á festa. Ademais, estes coches non tiñan cinto. No caso de que o coche rompese, facíase como se fai na actualidade, levábase ao taller.

Antes de ter os 18 anos e poder conducir, os rapaces de 14 anos utilizaban a moto, xa que con esa idade o concello dáballes un permiso para poder conducila. A marca de motos que predominaba naquela época era a **Zündapp.** Utilizábanse tamén para ir ás romarías e incluso podían ir tres persoas nunha mesma moto, ninguén quedaba na casa.

No fondo da foto, vese a horta, onde podemos observar que predomina a verdura. Un pouco máis ao fondo vese unha leira plantada de trigo. As plantacións nas casas rurais eran esenciais e imprescindibles para a subsistencia da familia e tamén para manter aos animais. Por exemplo, no caso do trigo, podía valer para alimentar as galiñas ou para facer fariña.

Seguindo co tema dos animais, ao lado do coche pódese ver unha corte de vacas. As vacas antes usábanse sobre todo para traballar, o leite era algo secundario. Era máis importante ter vacas para sementar ou gradar as leiras. Algo que hoxe en día é totalmente distinto; ao contar con tanta tecnoloxía, as máquinas fan o traballo, e as vacas serven exclusivamente para criar e dar leite. Antes traballábase moi duro con elas, xa que moi pouca xente podía permitirse ter un tractor. Sempre traballaban dúas vacas xuntas, só en casos excepcionales unha vaca soa, é dicir, tiña que ser unha vaca moi forte para traballar soa. Cando acababan de traballar, a veces, sobre todo no verán, ían pastar. E sempre se muxían pola mañá e pola noite. Daquela, a raza de vacas que máis predominaba era a autoctona, a galega. Estas vacas non son de leite, polo que a que máis daba, daba 15 litros. Isto cambiou totalmente, agora a raza que predomina é a chamada “frisona”, estas si que son vacas de leite.

Nesta foto podemos ver a dúas mulleres galegas nunha praza de Barcelona. A xente do rural adoitaba emigrar cara outras zonas de España en busca de traballo. Calquera traballo que lle ofrecesen: camareiras, traballar nunha fábrica, etc. A educación era moi básica, só sabían ler e escribir. En canto á vestimenta que podemos ver nesta foto, as dúas mulleres van vestidas iguais. As irmás ou curmás adoitaban facer iso, comprar a roupa igual. Algo que agora vemos incomprensible.

A bisutería das mulleres era singular e chamativa. Como vemos na foto na muller da esquerda, usábanse as perlas brancas a modo de colar. Tamén adoitaban levar aneis e pendentes grandes. Os zapatos das mulleres eran tipo charol, con medio tacón. Todo isto para días sinalados ou especiais.

No caso de ir a unha festa, nestes anos o normal era ir andando, no caso de que non tivesen cabalo ou bicicleta. As festas adoitaban empezar ás 6-7 da tarde e rematar á 1 da mañá. Un horario totalmente diferente ao de agora, que acostuman comezar ás 11 da noite.

As mulleres non podían permitirse maquillarse ou ir á perruquería, só xente adiñeirada.

Nesta páxina vemos unha foto familiar. Unha familia que estaba traballando, como era habitual no rural. Neste caso estaban cargando un remolque de esterco para abonar as leiras de millo ou patatas. Antes non se compraba abono e non botaban produtos químicos. Iso pode ser unha das razóns polas que a xente duraba máis que na actualidade, porque agora hai demasiados produtos químicos.

Neste caso, a foto foi sacada por un primo da familia, que viñera de Menorca de vacacións para visitala, e resultoulle singular ver como se cargaba un remolque de esterco, é dicir, ver a realidade da vida rural. No fondo da foto vemos un hórreo, unha construción predominante en Galicia, que servía para gardar o millo durante todo o ano. Os hórreos adoitan estar construídos cara o norte, para que polos buratos que hai, entre o vento e non haxa tanta humidade, favorecendo así a ventilación. Ademais, esta construído estratexicamente para que os ratos non poidan alcanzar o millo. Nalguns casos, o hórreo tamén valia como despensa para o cereal, mesmo para a comida.

As mulleres, como se pode ver na foto, vestían sempre con saia, predominaban as cores escuras, xa que unha muller con cores chamativas estaba mal vista. Ademais, sempre levaban unha pañoleta na cabeza. No caso dos homes, unha boina. A roupa era feita na casa ou comprábase na feira. Só se estreaba roupa en días moi importantes (festas, vodas, etc) e só tiñan, normalmente, tres pares de calzado: un para traballar, outro para a escola e outro para ocasións especiais.

Intentaban abastecerse co que tiñan na casa, e cando non necesitaban tantas cousas das que producian, ían á feira a vendelas. Neste caso, ían á feira de Santa Comba, que se celebraba dous luns ao mes, e os sábados, que había moita máis xente que os luns, xa que a xente non traballaba os sábados e podían ir. Vendían de todo: porcos, años, galiñas, ovos, incluso vacas. Tamén se compraba para poder sobrevivir: aceite, sal, deterxente, etc.

Noelia Liñares Mayo e Milena Silva Antelo 2º Bacharelato B